



Rodís - A Silva, s/n
15186 CERCEDA
☎ 609 692 464 ☎ 981 692 464
✉ anpacelsoemilio@yahoo.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcelsoemilioferreiro>

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

1. Constitúese una Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A Asociación ten a seguinte denominación: **“ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP CELSO EMILIO FERREIRO DA SILVA-CERCEDA”**.
2. A Asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Cerceda, rúa Rodís-A Silva, S/N, C.P. 15186, teléfono e fax - 981692464, e correo electrónico anpacelsoemilio@yahoo.es.

Artigo 3º

A Asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

Son fins principais da Asociación:

- a) Asistir ás nais, pais e titores en todo o que atinxe á educación dos seus fillos e fillas.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do centro.
- c) Promover a participación das nais e pais na xestión do centro, na medida do posible.
- d) Asistir ás nais e ós pais no exercicio do seu dereito a interviren no control e na xestión do centro.
- e) Facilitar a representación das nais e dos pais nos órganos de representación que fixa o regulamento do colexio.
- f) Estimular a participación das nais e dos pais na programación xeral do ensino por medio do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do seu contorno.
- h) Promover e asegurar a igualdade efectiva de dereito de todos os alumnos e alumnas sen discriminación de tipo socioeconómico, ideolóxico, confesional de raza ou de sexo.
- i) Requerir ós poderes públicos que cumpran as leis, os regulamentos e plans de actuación referentes á educación, recadando a atención e axudas que esta merece.
- j) Promover actividades formativas, deportivas e socio-culturais.
- k) Promover reunións de colaboración de nais e pais con profesoras e educadoras así como as boas relacións entre eles.
- l) E tamén todas as actividades, non recollidas nestes estatutos e que estean conformes coa lei.

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS/AS

Artigo 6º

1. Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar, que cumpran cos seguintes requisitos:
 - a) Ser pai/nai ou titor/a dalgún alumno/a matriculado no centro.
 - b) Solicitar a inscrición como socio/a.
 - c) Pagar as cotas establecidas.
 - d) Aceptar expresamente estes Estatutos.
2. As persoas integrantes da asociación terán **dereito** a:
 - a. Elixir e ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
 - b. Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
 - c. Tomar parte en todas as actividades e empregar os servizos que poidan establecerse en beneficio das socias/os.
 - d. Dirixir pedimentos e propoñerlles iniciativas ós órganos de goberno da Asociación.
 - e. Recadar e recibir da Xunta Directiva toda a información que sexa precisa sobre a xestión asociativa.
 - f. Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
 - g. Colaborar activamente no cumprimento dos fins da asociación e na súa eficaz execución.
3. Serán **deberes** das persoas asociadas os seguintes:
 - a) Observar os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
 - b) Contribuír economicamente ó mantemento da Asociación na forma que se estableza na Asemblea.
 - c) Desempeñar os cargos para os que foron eleixidos.

Artigo 7º

Causarase baixa na asociación polos seguintes motivos:

1. Por vontade propia.
2. Por baixa de fillas ou fillos no centro.
3. Por falta de pago de 4 cotas, sen notificación previa á Xunta Directiva.
4. Por incumprimento dos estatutos.
5. Por emprego da Asociación con fins alleos ós que se especifican nestes estatutos.

6. Por falecemento da persoa física.

Os puntos 4 e 5 serán apreciados pola xunta Directiva. Daráselle audiencia á persoa interesada e será necesario o voto afirmativo da maioría absoluta da Xunta Directiva para tomar acordo.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 8º

A Asociación estará rexida pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, coas funcións que se especifican nos artigos seguintes.

Artigo 9º

1. A Asemblea Xeral de persoas sociais é o órgano soberano da Asociación. Reunirase polo menos unha vez ó ano, en sesión ordinaria, para aprobar as contas, os orzamentos e o programa xeral de actuación social. Reunirase en sesión extraordinaria cando así o decidia a Xunta Directiva, e sempre que o solicite formalmente un terzo das persoas asociadas.
2. A Asemblea Xeral comprende as persoas asociadas.
3. Todas as sesións serán convocadas pola presidencia, coa indicación expresa da orde do día establecida pola Xunta Directiva. As convocatorias deberán dirixirse ás persoas asociadas con sete días de anticipación para as reunións extraordinarias.
4. A Asemblea quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando asistan a maioría dos asociados, e en segunda convocatoria con calquera que sexa o número de persoas asociadas presentes. A citación fará constar sempre que entre a primeira e a segunda convocatoria deberá haber unha marxe de media hora.
5. Os acordos da Asemblea adoptaranse por maioría simple.
6. Será necesario o voto favorable de dous terzos dos asociados presentes na Asemblea Extraordinaria para adoptar as seguintes decisións:
 - a) Disposición e alleamento de bens.

- b) Solicitude de declaración de utilidade pública da Asociación.
- c) Integración da Asociación en federacións ou entidades similares.
- d) Modificacións dos estatutos da Asociación.
- e) Disolución da Asociación.

Artigo 10º

1. A Asociación estará administrada por unha Xunta Directiva e composta polos seguintes membros:
 - ★ Presidencia
 - ★ Vicepresidencia
 - ★ Secretaría
 - ★ Tesourería
 - ★ Mínimo dous vogais.
2. A Xunta Directiva terá un mandato máximo de dous anos de duración, e renovarase a partir do segundo ano, cando menos, cada ano a metade dos membros.
3. A elección dos cargos será polo procedemento de lista aberta.
4. As vacantes que se poidesen producir na Xunta Directiva poderán ser cubertas provisionalmente por esta, ata que se realice a primeira reunión da Asemblea Xeral.
5. A Xunta Directiva reunirse sempre que sexa convocada pola Presidencia. Tamén deberá reunirse a pedimento dun terzo da totalidade dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes.
6. Os membros da Xunta Directiva poderán cesar a vontade propia, ou ben ser cesados por:
 - a) Incumprimento do deber.
 - b) Baixa das fillas ou fillos no centro.

Artigo 11º

A persoa que ostenta o cargo de presidencia desempeña a representación da Asociación, preside as reunións e responde perante a Asemblea da xestión realizada pola Xunta Directiva.

Artigo 12º

A persoa que ocupa o posto de vicepresidencia será a encargada de substituír á quen ocupa a presidencia cando for necesario. A presidenta poderá delegar nela as súas competencias para atender ou xestionar determinados asuntos, coa autorización previa da Xunta Directiva.

Artigo 13º

A secretaría atenderá as comunicacións e a correspondencia, levará os libros de actas, tramitará certificacións do seu contido, conservará o arquivo, velará pola conservación dos locais e gardará o selo da asociación.

Artigo 14º

A persoa que ocupa o posto de tesoureira estará encargada de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará os libros de caixa e de persoas socias, asinará as ordes de pagamentos coa presidenta, elaborará o proxecto de orzamento que a Xunta Directiva debe presentar perante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse á aprobación da Asemblea.

A data de pechamento do exercicio asociativo será ó final de cada curso académico correspondente.

Artigo 15º

Ademais das súas funcións ordinarias, as persoas vogais poderán recibir, por acordo da Xunta Directiva, o encargo de presidir e de coordinar grupos de traballo, ou a execución de encargas, comisións, representacións e outras tarefas que lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva.

Artigo 16º

As funcións da Xunta Directiva serán as seguintes:

- a. Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- b. Xestionar os asuntos ordinarios da Asociación.
- c. Presentarlle á Asemblea os orzamentos, as contas e o programa anual de actividades.
- d. Todos aqueles asuntos que, aínda que non sexan encomendados expresamente pola Asemblea, sexan conformes coa lei.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a. Programar e dirixi-las actividades asociativas.
- b. Leva-la xestión administrativa e económica da Asociación.
- c. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d. Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.
- e. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
- f. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
- g. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- h. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- i. Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- j. Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.
- k. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da Asociación.

CAPÍTULO IV

DO PATRIMONIO

Artigo 17º

1. A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se adquiran para realizar os fins sociais.
2. A Administración do patrimonio correspóndelle á Xunta Directiva.
3. Os recursos económicos consisten nas cotas das persoas asociadas, as rendas do patrimonio, as subvencións, os legados e as doazóns que poidan legalmente aceptarse, xa procedan de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que acorden concedelas.
4. O importe das cotas das persoas asociadas será dunha contía mínima, que será determinada pola Asemblea Xeral, por proposta da Xunta Directiva. Porén, as persoas socias poderán determinar libremente a súa propia cota, sempre que o seu importe sexa superior ó mínimo establecido.
5. A Asociación, por medio da súa Xunta Directiva, poderá conceder ou solicitar subvencións e préstamos para desenvolver os fins estatutarios.
6. A Asociación non ten ánimo de lucro.

Artigo 18º

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 19º

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 20º

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún

caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º

Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 22º

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptados polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 23º

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociadas/os liquidadores, que xunto a/o presidente e a/o tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 24º

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Estes Estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral da Asociación de Nais e Pais Celso Emilio Ferreiro, o día 27 de maio de 2011.

Membros da Xunta Directiva

Presidenta:

María Josefa Bello López
Gosende nº45 Rodís Cerceda 15186
DNI 32834273W
Dat. Nac. 8/8/78

Vicepresidenta:

Karina Regueiro Fraga
Vilameán Nº7 Rodís Cerceda
DNI 38844031P
Dat. Nac. 17/7/75

Secretaria:

María Isabel Martínez Golán
A Tablilla nº78 Rodís Cerceda
DNI 32827996G
Dat. Nac. 26//1/77

Tesoureira:

María del Carmen Fraga Graña
A Silva nº 2 Rodís Cerceda
DNI 76895036Z
Dat. Nac. 14/1/76

Vogal:

María José Iglesias Pallas
A Tablilla 14 Tordoia
DNI 32807916ª
Dat. Nac. 17/3/70

Vogal:

María Inmaculada Lorenzo Periscal
Belir Rodís Cerceda
DNI 32813041E
Dat. Nac. 2/10/69